XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
SAÍDA
12 MAR. 2020
Nº 640/2020

Acordo do 12 de marzo de 2020, da Xunta Electoral de Galicia, polo que se toma coñecemento dos Plans de cobertura informativa da campaña electoral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) e da Corporación Radiotelevisión Española (RTVE) para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020.

A Xunta Electoral de Galicia, na sesión do 12 de marzo de 2020, tomou coñecemento dos Plans de cobertura informativa elaborados polas Corporacións de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) e de Radiotelevisión Española (RTVE) para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020, de conformidade co disposto no artigo 66 da LOREX e na Instrución 4/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, de interpretación do artigo 66 da LOREX, no relativo ás garantías de respecto aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa polos medios de comunicación en período electoral.

Os ditos plans están publicados na páxina web da Xunta Electoral de Galicia.
http://www.parlamentodegalicia.es/XuntaElectoral/.

Os representantes xerais das formacións políticas concorrentes ao proceso electoral en curso poden presentar ante a Xunta Electoral de Galicia as reclamacións ou recursos que consideren pertinentes, de conformidade co disposto no punto quinto da citada instrución, ata as 14:00 horas do sábado 14 de marzo de 2020.

Os recursos formulados en tempo e forma estarán á disposición das formacións políticas interesadas na Secretaría da Xunta Electoral, en horario de rexistro, para os efectos de que poidan formular alegacións ata o domingo 15 de marzo de 2020, ás 14:00 horas.

O presente acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia* en virtude do disposto no artigo 18.6 da LOREX e no punto quinto da referida Instrución 4/2011, do 24 de marzo.

A Coruña, 12 de marzo de 2020

O presidente

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

José María Gómez y Díaz-Castroverde

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
ENTRADA
10 MAR. 2020
Nº 463/2020

PLAN DE COBERTURA DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (TVG, RADIO GALEGA E CRTVG.GAL) PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 5 DE ABRIL DE 2020

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

INTRODUCIÓN

1. MARCO LEGAL

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), sociedade mercantil pública autonómica á que se lle encomendou a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, realiza a súa actividade de comunicación audiovisual inspirada, entre outros, nos seguintes principios (artigo 4 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia):

- O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia e dos dereitos e das liberdades que neles se recoñecen e garanten.

- O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.

- A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.

- A separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios.

A Corporación RTVG asegura o dereito que todas as persoas teñen a que a comunicación audiovisual inclúa unha programación en aberto que reflicta e respecte a diversidade cultural, ideolóxica e política da sociedade galega (artigo 30 da Lei 9/2011).

Especificamente, o artigo 37 da Lei 9/2011 dispón que durante os procesos electorais se aplicará o réxime especial que establezan as normas electorais.

Ademais, o artigo 26 do Mandato Marco da Corporación RTVG establece que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, a e as resolucións emanadas das respectivas xuntas electorais serán de aplicación á hora de establecer os criterios de representación e proporcionalidade nos espazos gratuítos, na información electoral e nos debates.

En especial, o artigo 66 da LOREX dispón que o respecto ao pluralismo político e social, así como á igualdade, proporcionalidade e a neutralidade informativa na programación dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral, serán garantidos pola organización dos ditos medios e o seu control previstos nas leis.

Para a concreción do contido do devandito artigo, a Xunta Electoral Central (XEC) ditou a Instrución 4/2011, do 24 de marzo. Esta instrución establece:

> "*Plans de cobertura informativa da campaña electoral.*
>
> *1.Os órganos de dirección dos medios de titularidade pública someterán ás xuntas electorais competentes os seus plans de cobertura informativa da campaña electoral, nos que incluirán os debates, entrevistas e programas específicos de natureza electoral que pretendan realizar, así como os criterios sobre a información específica relativa á campaña electoral*".

2. CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS

Logo da convocatoria das eleccións ao Parlamento de Galicia o para o 5 de abril de 2020 (Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións), a Corporación RTVG somete á Xunta Electoral de Galicia o seu plan de cobertura informativa da campaña electoral.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

3. PLAN DE COBERTURA. CONTIDO

O plan de cobertura da Corporación RTVG fundaméntase no respecto ao pluralismo político e social, así como na igualdade, proporcionalidade e a neutralidade informativa na programación dos medios de comunicación de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do dereito a difundir libremente información, consagrado no artigo 20 da Constitución.

O plan de cobertura da Corporación RTVG contén os debates, entrevistas e programas específicos de natureza electoral que se pretenden realizar a través das súas marcas de identidade Televisión de Galicia e Radio Galega, así como os criterios sobre a información relativa á campaña electoral.

Tamén se regula a cobertura na páxina web da Corporación RTVG (www.crtvg.gal).

4. CRITERIOS XERAIS PARA A INFORMACIÓN ESPECIFICA RELATIVA Á CAMPAÑA ELECTORAL

Os criterios xerais para a información específica relativa á campaña electoral son os establecidos na referida Instrución 4/2011, do 24 de marzo da XEC.

Ofrecerase información da campaña electoral durante os quince (15) días de duración desta en diversos programas informativos da TVG e da Radio Galega (desde ás cero horas do venres día 20 de marzo de 2020 ata ás vinte a catro do venres día tres de abril de 2020).

Só se facilitará información relativa á campaña electoral dos partidos, federacións e coalicións que presenten candidatura, polo menos en tres circunscricións electorais da Comunidade Autónoma.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Esta información responderá aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa. A duración da información dedicada a cada formación política axustarase proporcionalmente aos resultados obtidos nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia (setembro 2016) e emitirase aplicando o criterio de maior a menor, en función dos resultados logrados por cada formación política nas citadas eleccións.

Na información especifica relativa á campaña electoral tamén se inclúen as candidaturas daquelas forzas políticas que non se presentaron ás anteriores eleccións equivalentes ou non obtiveron nelas representación pero con posterioridade, en recentes procesos electorais, e no ámbito de difusión do medio (Comunidade Autónoma de Galicia), obtiveron un número de votos igual ou superior ao 5% dos votos validos emitidos. A cobertura destas formacións consideradas grupos políticos significativos non poderá ser igual ou superior á dedicada ás candidaturas que obtiveron representación.

No caso das coalicións electorais, estas só poderán ter a consideración de grupo político significativo cando algún dos partidos políticos que a compoñen cumpra por si só o disposto no parágrafo anterior.

A orde de emisión da información dos considerados grupos políticos significativos seguirá o mesmo criterio de maior a menor, empezando pola formación que obtivese a maior porcentaxe de votos.

A cobertura dos considerados grupos políticos significativos non poderá ser igual ou superior á dedicada ás candidaturas que lograron representación. Ademais, a cobertura das candidaturas que non concorreron ás anteriores eleccións equivalentes ou que non obtiveron representación non poderá ser superior á dedicada ás recoñecidas como grupo político significativo.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A información específica sobre a campaña electoral limitarase o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos/as, partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en orde á captación de sufraxios.

Coa finalidade de garantir a neutralidade informativa, a información específica da campaña electoral limitarase exclusivamente a trasladarlles e ofrecerlles obxectivamente aos cidadáns as propostas e mensaxes que efectúen as distintas formacións políticas que concorren ás eleccións. Non se incorporarán no bloque informativo electoral outros asuntos alleos á actividade de campaña, que, en calquera caso, poderán ser abordados fóra do bloque informativo electoral, que será onde se informe sobre as incidencias non propiamente electorais que se poidan producir durante a campaña e que, consecuentemente, non se consideran formalmente tempo de información electoral.

4.1 Antecedentes. Datos das eleccións ao Parlamento de Galicia (25 de setembro de 2016)

FORMACIÓN POLÍTICA	DEPUTADOS	VOTOS VÁLIDOS
PARTIDO POPULAR	41	47,56%
EN MAREA	14	19,07%
PSdeG-PSOE	14	17,87%
BNG- NÓS	6	8,33%

4.2. Criterio de representatividade

En atención **á súa representatividade** e atendendo os resultados obtidos nas anteriores eleccións equivalentes nas catro circunscricións electorais, a información dedicada ao Partido Popular, En Marea, o PSdeG.-PSOE e BNG debería axustarse proporcionalmente aos resultados obtidos nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia. Non obstante, tras a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 47, do 10 de marzo de 2020) das candidaturas proclamadas, a formación política En Marea non figura entre elas.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Por conseguinte, as formacións políticas incluídas en atención a súa representatividade son: Partido Popular (PP), Partido dos Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE) e Bloque Nacionalista Galego (BNG).

4.3. Grupos políticos significativos

En atención a Instrución 4/2011 da XEC son grupos políticos significativos aquelas formacións que procesos electorais celebrados con posterioridade as últimas eleccións equivalentes (eleccións ao Congreso dos Deputados do 28 de abril 2016, eleccións ao Parlamento Europeo e eleccións locais do 26 de maio de 2019 e as eleccións ao Congreso dos Deputados do 10 de novembro de 2019) obtiveron no ámbito territorial do medio de comunicación (Galicia) un número de votos igual ou superior o 5% dos votos válidos emitidos. Así, as seguintes formacións:

FORMACIÓN POLÍTICA	VOTOS VÁLIDOS	ELECCIÓNS
En Común-Unidas Podemos	14,46%	Congreso 28 abril 2019
Ciudadanos	11,18%	Congreso 28 abril 2019
Vox	7,82%	Congreso 10 novembro 2019

A coalición electoral "En Común-Unidas Podemos" que se presentou na Comunidade Autónoma de Galicia ás eleccións Xerais de abril de 2019 e nas de novembro de 2019 está conformada por "Podemos" e por "Esquerda Unida". Estas mesmas formacións preséntanse a estas eleccións en coalición con "Anova-Irmandade Nacionalista", baixo a denominación "Galicia en Común-Anova Mareas"

Ao estar composta a dita coalición por formacións que en anteriores eleccións obtiveron máis do cinco por cento dos votos válidos emitidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Podemos e Esquerda Unida) ten a consideración de grupo político significativo "Galicia en Común", segundo o disposto na Instrución 4/2011 da XEC.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Polo anterior, recoñecéselles a consideración de grupo político significativo ás seguintes formacións:

- Galicia en Común- Anova Mareas
- Ciudadados- Partido de la Ciudadanía (Cs)
- Vox

5. ENTREVISTAS E DEBATES

Os debates e entrevistas previstos respectan os principios de pluralismo político, neutralidade informativa, igualdade e proporcionalidade.

6. MEDIOS TÉCNICOS E HUMANOS

Os medios técnicos e humanos da Corporación RTVG quedan adscritos exclusivamente ao cumprimento das actividades previstas no desenvolvemento do contido deste plan de cobertura, proscribíndose a participación dos devanditos medios en calquera das actividades electorais non comprendidas nel.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

TELEVISIÓN DE GALICIA (TVG)

1. INFORMACIÓN ESPECÍFICA RELATIVA Á CAMPAÑA ELECTORAL

1.1. Información diaria específica relativa á campaña electoral

A TVG emitirá información da campaña electoral durante os quince días de duración desta, do 20 de marzo ao 3 abril de 2020, nos programas informativos "Telexornal Mediodía" e "Telexornal Serán".

Emitirase, como regra xeral, na primeira parte do telexornal, sen prexuízo de que a actualidade informativa faga preciso que se emitan noutro momento do programa.

En función dos criterios expostos neste plan, a duración da información diaria dedicada a cada formación política, para un bloque de información de 5 minutos en cada telexornal, será, aproximadamente, a seguinte:

PARTIDO	PORCENTAXE	TEMPO APROXIMADO
PP	47,56%	2,23"
PSdeG-PSOE	17,87%	54"
BNG	8,33%	25"
GALICIA EN COMÚN-ANOVA MAREAS	---	20"
CIUDADANOS	---	20"
VOX	---	20"
OUTROS	---	10"

O bloque específico da actualidade electoral diferenciarase do resto da información xeral cunha cabeceira de apertura e con outra de peche.

No caso de que os partidos cedan a imaxe realizada dos seus actos farase constar cunha lenda.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A cobertura das candidaturas que non concorreron ás anteriores eleccións equivalentes, que non obtiveron representación ou que non teñen a consideración de grupo político significativo serán agrupadas no apartado "outros". Non terán necesariamente aparicións diarias, nin en todas as edicións dos telexornais. Dado o tempo asignado, e ante a dificultade de facer pezas de tan só 10 segundos, poderá optarse por acumular nunha soa peza o tempo que lles correspondería en varias xornadas, facendo así informacións máis longas, pero que non se repetirán diariamente.

1.2. Programación especial dos actos de apertura da campaña electoral

A información da apertura de campaña emitirase nun programa especial que comezará ás 23:58 horas do 19 de marzo de 2020. Este programa especial dedicarase integramente a dar información sobre os actos de inicio de campaña a partir das 00.00h do día 20 de marzo e será emitido a través da primeira cadea da TVG. Nel ofrecerase información dos actos de apertura protagonizados polas forzas políticas. O tempo asignado a cada formación será proporcional, seguindo a distribución temporal establecida para a información relativa á campaña electoral.

A información relativa aos actos de peche de campaña, será emitida no bloque de información electoral do "Telexornal Serán" do día 3 de abril e realizaranse conexións en directo cos mitins centrais que se estean celebrando.

2. ENTREVISTAS E DEBATE

2.1. Entrevistas

A Televisión de Galicia ofrecerá entrevistas con candidatos ou candidatas de cada formación política representativa ou significativa recollida neste plan de cobertura. A formación escollerá e comunicará por adiantado o nome da persoa que será entrevistada, e que formará parte en todo caso da lista dos seus candidatos/as por calquera das catro (4) circunscricións electorais.

As entrevistas manterán unha duración proporcionalmente ponderada pero atendendo aos criterios televisivos evitaranse as excesivamente longas ou curtas. Así, a entrevista da formación máis votada terá unha duración de 35 minutos e as entrevistas aos grupos políticos significativos terán unha duración de 5 minutos.

Serán emitidas ao finalizar o bloque informativo do serán e antes da programación en máxima audiencia, nas datas que se subliñan no cadro que se xunta.

FORMACIÓN	DÍA DE EMISIÓN	DURACIÓN
VOX	25 marzo	5 min
CIUDADANOS	26 marzo	5 min
GALICIA EN COMÚN-ANOVA MAREAS	30 marzo	5 min
BNG	31 marzo	7 min
PSdeG-PSOE	1 de abril	14 min
PP	2 de abril	35 min

Un breve estrato de cada entrevista emitirase posteriormente no Telexornal Mediodía do día seguinte, sen computar como información puramente electoral, pero respectando a distribución de tempos referida no corpo deste plan.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

2.2.- Debate

A Corporación Radio e Televisión de Galicia organizará e emitirá un debate entre candidatos e candidatas das formacións políticas representativas e significativas obxecto de especial atención neste Plan de Cobertura: PP, PSdeG-PSOE, BNG, Galicia en Común - Anova Mareas, Ciudadanos Partido de la Ciudadanía e Vox.

O debate emitirase en directo, o día 23 de marzo de 2020, ás 21:30 horas e celebrarase en San Marcos. Emitirase tamén na Radio Galega e en soportes dixitais, e ofrecerase unha versión en lingua de signos.

O debate constará de tres bloques, separados por dúas pausas publicitarias nas que poderá entrar en plató un equipo limitado de asesores. Ditos bloques recollerán as grandes propostas dos candidatos e candidatas arredor de tres eixos clave:

1º. Modelo institucional, pactos, gobernabilidade e encaixe de Galicia no Estado

2º. Política económica, industrial, orzamentaria e fiscal

3º. Políticas públicas e de benestar

No debate as formacións disporán do mesmo tempo de intervención en cada un dos bloques. Disporán dun minuto de intervención inicial, encabezando a devandita quenda a formación política que acadara maior número de votos nas anteriores eleccións equivalentes. Rematará a formación política con menor porcentaxe de votos en convocatorias anteriores de conformidade co previsto neste plan. Tamén contarán as formacións co mesmo tempo dun minuto para a súa intervención final, sendo esta vez a formación menos votada a que encabezará a rolda de peche e a formación máis votada a que finalizará a dita rolda.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Ese día emitirase unha programación especial *envolvendo* o debate, cun programa previo e con outro posterior no que se ofrecerán resumos informativos das principais mensaxes dos candidatos/as e unha mesa de análise con colaboradores/as. A información atenderá o interese periodístico respectando a proporcionalidade.

3.- Programación especial da xornada electoral

A Televisión de Galicia ofrecerá unha programación especial de seguimento da xornada de votacións en Galicia, con diversos espazos informativos e conexións que completarán a programación cos espazos habituais dos domingos.

- De 09.00h a 09.30h da mañá, comezarase cun especial informativo, cunha rolda para informar da apertura de colexios electorais, con conexións con aqueles nos que voten os líderes dos principais partidos.
- Realizarase un avance ás 10.30, con conexión ao centro de datos.
- A partir das 12.15h, dentro do espazo "A Revista Fin de Semana" realizarase un novo percorrido pola actualidade da xornada electoral.
- Das 14.25h ás 15.30h, no "Telexornal Mediodía" emitirase ampla información do que se vaia coñecendo da xornada: datos de participación, votación de líderes e candidatos/as, posibles incidencias, conexións en directo, etc.
- Ás 18:30 h, aproximadamente (dependendo do momento en que se ofrezan os datos de participación da tarde), farase un adianto informativo no que se resumirá a información ofrecida no "Telexornal Mediodía", xunto cos novos datos coñecidos ata ese momento.
- Ás 19:30 h comezará un programa informativo especial cun resumo da xornada e, ás 20:00h. ofreceranse os resultados dunha sondaxe da CRTVG con proxección de resultados, declaracións, comparecencias e, finalmente os resultados definitivos. A devandita información será complementada coa programación ordinaria da xornada dominical de ámbito xeral e deportivo.

CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

Durante toda a xornada realizaranse conexións en directo con diversos puntos da actualidade informativa, a lugares en que haxa comparecencias ou se ofrezan resultados. O programa especial terá unha duración variable a expensas dos horarios en que se produzan os resultados definitivos dos comicios autonómicos. A devandita información será complementada coa programación ordinaria da xornada dominical, de ámbito xeral e deportivo.

A Enquisa

A Televisión de Galicia dará a coñecer os datos dunha enquisa realizada a pe de colexio electoral sobre o resultado das eleccións, na que se ofrecerán os resultados, a porcentaxe de votos que podería obter cada formación, o número de escanos, etc. Esta enquisa emitirase a partir das 20.00 horas do día 5 de abril, unha vez pechados os colexios electorais, e será obxecto de debate por parte dos analistas presentes no plató, ata que se vaian publicando os datos reais do resultado das eleccións.

CORPORACIÓN RÁDIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

RADIO GALEGA

1. INFORMACIÓN ESPECÍFICA RELATIVA Á CAMPAÑA ELECTORAL

1.1. Información diaria específica relativa á campaña electoral

A Radio Galega emitirá información da campaña electoral durante os quince días de duración desta (do 20 de marzo ao 3 de abril de 2020) en diversos programas informativos. Referido a cada programa, eses bloques de información electoral terán unha duración fixa de 5 minutos e 50 segundos, consonte a seguinte distribución de tempos:

FORMACIÓN POLÍTICA	TEMPO
PP	2,51"
PSdeG-PSOE	1'04"
BNG	30"
GALICIA EN COMÚN-ANOVA MAREAS	25"
CIUDADANOS	25"
VOX	25"
OUTROS	10"

O bloque específico da actualidade electoral diferenciarase do resto da información xeral cunha cabeceira de apertura e con outra de peche.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A cobertura das candidaturas que non concorreron ás anteriores eleccións equivalentes, que non obtiveron representación ou que non teñen a consideración de grupo político significativo serán agrupadas no apartado "outros". Non terán necesariamente aparicións diarias, nin en todos informativos. Dado o tempo asignado, e ante a dificultade de facer pezas de tan só 10 segundos, poderíase puntualmente acumular nunha soa peza o tempo que lles correspondería en varias xornadas, facendo así informacións máis longas, pero que non se repetirán diariamente.

Periodicidade:

A Radio Galega ofrecerá varios bloques diarios de información electoral en diferentes franxas do día, sen condicionar a súa emisión a unha hora concreta dentro das ditas franxas:

HORA	DÍA	INFORMATIVO	DURACIÓN
Entre 06:00 e 06:30	De luns a venres	Galicia por diante	05'50"
Entre 07:00 e 07:30	De luns a venres	Galicia por diante	05'50"
Entre 08:00 e 08:30	De luns a domingo	Galicia por diante	05'50"
Entre 14:00 e 14:30	De luns a domingo	A Crónica	05'50"
Entre 20:00 e 20:30	De luns a venres	A Crónica	05'50"
Entre 22:00 e 22:30	De luns a xoves	A Crónica	05'50"

A actualidade informativa ou deportiva podería alterar a franxa de emisión dalgún bloque electoral, pero en ningún caso suprimilo.

Cando si está prevista a supresión do bloque electoral será na edición das 22:00 do luns 23 de marzo por coincidir coa emisión do debate Electoral.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

1.2. Programación especial sobre os actos de apertura e peche da campaña electoral

1.2.1. Apertura da campaña electoral

O espazo que a Radio Galega dedicará á apertura da campaña electoral terá unha duración total de 22 minutos. Comezará ás 23:58 horas do xoves 19 de marzo de 202 e rematará ás 00:20 horas do venres 20 de marzo de 2020. O programa especial dedicarase integramente a dar información sobre os actos de inicio de campaña a partir das 00.00 h do día 20 de marzo.

FORMACIÓN POLÍTICA	TEMPO ASIGNADO
PP	4'45"
PSdeG-PSOE	1'47"
BNG	49'
GALICIA EN COMÚN-ANOVA MAREAS	40"
CIUDADANOS	40"
VOX	40"
OUTROS	20"
TOTAL	**9'41"**

1.2.2. Peche de campaña

No día de peche da campaña electoral realizarase outro programa de 20 minutos de duración, que comezará ás 23:40 horas do 3 de abril de 2020, venres. Este programa dedicarase integramente a dar información sobre os actos de peche da campaña electoral.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

FORMACIÓN POLÍTICA	TEMPO ASIGNADO
PP	4'45"
PSdeG-PSOE	1'47"
BNG	49'
GALICIA EN COMÚN-ANOVA MAREAS	40"
CIUDADANOS	40"
VOX	40"
OUTROS	20"
TOTAL	**9'41"**

2. ENTREVISTAS E DEBATES

2.1. Entrevistas

A Radio Galega ofrecerá entrevistas en directo cos candidatos/as de cada formación política representativa ou significativa. O entrevistado/a debe ser alguén que estea incluído nas candidaturas que presentan esas formacións nalgunha das catro circunscricións provinciais da Comunidade Autónoma.

As entrevistas manterán unha duración proporcionalmente ponderada pero atendendo os criterios radiofónicos evitaranse as excesivamente longas ou curtas. Así, a entrevista da formación máis votada terá unha duración de 35 minutos e as entrevistas aos grupos políticos significativos terán unha duración de 5 minutos.

As entrevistas emitiranse desde o venres, 27 de marzo, ata o venres, 3 de abril, por orde da significación política, iniciando cos grupos significativos e rematando coa formación máis votada nas últimas eleccións equivalentes. Emitiranse na franxa horaria de máxima audiencia do programa informativo 'Galicia Por Diante' (08:00-08:30).

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

PARTIDO	DÍA	HORA	INFORMATIVO	TEMPO ASIGNADO
VOX	27/03	08:30	Galicia Por Diante	5"00
C's	30/03	08:30	Galicia Por Diante	5"00
GEC	31/03	08:30	Galicia Por Diante	5"00
BNG	01/05	08:30	Galicia Por Diante	7"00"
PSdeG	02/05	08:30	Galicia Por Diante	14"00"
PP	03/05	08:30	Galicia Por Diante	35'00"

2.2. Debates

Segundo o establecido neste plan, a Radio Galega emitirá en directo o debate electoral conxuntamente con Televisión de Galicia e os soportes dixitais, o luns 23 de marzo de 2020.

Ese día emitirase unha programación especial arredor do debate entre as 21:00 da noite e as 01:00 da madrugada, con resumos informativos das principais mensaxes dos candidatos/as e unha mesa de análise con catro colaboradores.

Este debate terá unha cobertura específica que atenderá a criterios xornalísticos, respectando a proporcionalidade. Toda a información elaborada ao respecto do debate, tanto previa como posterior, será ofrecida fóra dos bloques propiamente de información electoral.

Debates en desconexións

A Radio Galega ofrecerá tamén debates provinciais nas súas desconexións territoriais entre os candidatos/as das formacións políticas obxecto de especial atención informativa seguindo os criterios de representatividade e significación establecidos no presente plan de cobertura, pero en atención a circunscrición provincial.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

